

Bos Aires, 4-20-1954.

Sr. Don Valentin Paz Andrade.

Cartetas

Amigo Valentin:

Sin saber quen foi o portador do seu encargo, por que como eu non estaba na casa deixoulle a encomenda a unha veciña amiga, recibin onte, as sabrosisimas e "tradicionales" tortas que vostedes tan xentilmente me fan chegar en cada ani-novo. Non sei como lles agradecer esta lembranza garimosa que teñem sempre para min, concretándome a darlle gracias, moitas gracias. Baixo o calor abafante, casi insoprible, de este dia, escribo as presentes liñas, que ademais de gratitude levan meus sinceiros desexos de felicidade pra vostedes, Ogallá que os seus tamén se cumplan con respecto a nos, deparándonos axiña as dozuras e descanso da Terra. No meu afán ou "tolerancia", penso que tal vez ese milagre pode chegar a producirse....

Non sei si terá recibido unha carta que fai xa moito tempo lle escribin.

Despidome, con un abrazo para os tres, que lles envia con agarimo

Tirxania P. de Castello